

Fía, fía, fía na roca

A música galega na Educación Musical (Materiais para 5º Ed. Primaria)

GUÍA DIDÁCTICA

A práctica musical coa voz, instrumentos e o corpo, é un dos apartados máis salientables da Educación Musical escolar. Tocar instrumentos de fácil manexo, tanto de altura determinada como indeterminada, aproxima ao alumnado ao feito musical como moi poucas outras actividades. A apreciación das calidades do son a través deles é inmediata, así como a posibilidade de escoitar e executar arranxos sobre músicas de moi diverso tipo.

Por outra banda, o alumnado atópase inmerso nun mundo no que, debido á globalización, corre o risco de perder as súas raíces, as sinais propias de identidade. A música étnica e as súas diferentes visións (especialmente as debidas aos novos enfoques das músicas populares urbanas, moi especialmente do folk) achegan a cada discente á música patrimonial, danlle sentido e sitúano no mundo ao que pertence. Ante o alumnado que provén doutros lugares, implica e dá a benvida ao galego de adopción a través da asunción duns sinais de identidade que, pouco a pouco, cobran novos significados para eles.

A integración da música patrimonial e da práctica musical é o fundamento da creación dos materiais deste curso. En principio, unicamente tratamos de elaborar unha serie de arranxos sobre músicas de raíz con vistas a que a práctica e, polo tanto, o coñecemento da música tradicional galega servira como base para o desenvolvemento dos contidos sobre o fenómeno musical (ritmo, melodía, harmonía, forma, xéneros...), de xeito que cada novo aprendizaxe estivera baseado nunha peza de ámbito tradicional que o ilustrara.

Porén, progresivamente, advertimos a posibilidade de estender este principio de actuación cara á elaboración dunha programación de aula completa. Así, asumimos a metodoloxía de proxectos para levar a cabo Unidades Didácticas Integradas que servirían como modelos á hora de asumir, en todo ou en parte, a nosa programación nos centros educativos. Dese xeito, o profesorado atopará no plantexamento de cada UDI non só as actividades e os materiais para levalas a cabo, senón a concreción curricular, avaliación, rúbricas e demais elementos propios dunha programación realizada en base aos principios establecidos pola LOMCE. Ademais, tivemos en conta a avaliación por competencias clave (segundo ECD 65/2015 de 21 de xaneiro) e a presenza dos elementos transversais do currículo, se ben nas UDI non se especifican todos (dado que son demasiados os recollidos no RD 126/2014) senón unha selección deles.

No que se refire á concreción dos elementos curriculares tivemos en conta as directrices do RD 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación

Primaria, no sentido de respectar a formulación presente nel en todos os niveis de concreción curricular. Así, partimos dos elementos curriculares establecidos no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e distribuímos todos os elementos curriculares entre as diferentes UDIs que integran a nosa programación. Só modificamos o presente no Decreto á hora de facer a secuencia dos estándares de aprendizaxe en rúbricas para a avaliación, tomando como punto de partida a existencia de catro indicadores de logro de carácter progresivo.

No que se refire ás outras áreas (ou ao ámbito de Educación Plástica dentro da Educación Artística) implicadas en cada proxecto, decidimos non desenvolver actividades nin rúbricas para elas, máis aló dalgunha pequena indicación metodolóxica, ao non ser da nosa especialidade. Si respectamos, para cada unha, a concreción curricular e a secuencia por cursos do Decreto Autonómico.

En cada UDI tratamos, ademais dos arranxos previstos, unha serie de coñecementos sobre a nosa música que abranguen persoeiros e agrupacións significativos na historia da música galega, instrumentos ou xéneros musicais. Para outorgarlle un fío condutor aos contidos empregamos como centro de interese os Ciclos Anuais. Os materiais presentados son de moi diverso tipo, extensos, con vistas a variar as actividades en centros de máis dunha liña ou, mesmo, para cambiar en anos sucesivos; intentamos que foran versátiles e de aplicación sinxela. O seu grao de dificultade non é excesivo, sempre que se considere a súa pertenza a unha secuencia progresiva dentro da programación da Educación Musical para toda a etapa, e non de xeito independente.

A elección do 5º curso non é casual. Partimos dun nivel no que o grao de desenvolvemento musical é elevado, o que permite afondar bastante no coñecemento musical e proporcionar uns materiais elaborados. Á hora da elección do nivel supuxemos que o profesorado tería recursos dabondo para abordar o ensino doutros cursos inferiores. Á decisión de non deseñalos para 6º vén dada polo seu carácter de curso terminal da etapa, que podería dar lugar á consideración do noso proxecto como algo puntual e reservado, exclusivamente, para o final da primaria.

Nese senso faise preciso aclarar que o noso planeamento non é algo illado, senón que conformará no futuro un deseño global, dende unha programación de centro que inclúa as UDIs para cada un dos cursos da etapa primaria. A nosa idea é ir completando os niveis conforme podamos volver a solicitar unha licenza de formación deste tipo.

Esperamos que o noso traballo sexa de utilidade. Un agarimoso saúdo.

Juan Casado e Javier Jurado.

UDI1. «Este cantar da vendima»

Esta UDI ten como función servir de avaliación diagnóstica tras a volta ao centro despois das vacacións estivais. Os contidos tratados non aportan nada novo sobre o xa coñecido, senón que parten dun repaso do anterior.

O Ciclo Anual tratado corresponde as tarefas agrícolas do verán, presentadas a través dun canto da vendima e dunha cantiga que, se ben non corresponde tematicamente ás datas, na letra si fai referencia ao campo e á mariña.

Os xéneros tratados nesta ocasión son o alalá e a foliada, correspondentes as dúas pezas a interpretar polo alumnado. A relación con persoeiros concretos é, respectivamente aos xéneros, Faustino Santalices e Coral De Ruada; ambos mantiveron unha máis que boa relación, dado que Santalices foi tenor, zanfona e gaitero da Coral nos primeiros anos da súa andadura. Esta aparición non é casual; de feito, a presenza dos Coros Galegos é unha constante ao longo do noso curso, xa que o ano de elaboración destes materiais foi o 2016, centenario da fundación das Irmandades da Fala, que tanta relación mantiveron con estas agrupacións folclóricas.

Aproveitamos a importante cantidade de versións do Alalá das Mariñas para facer audicións comparadas, que achegan ao alumnado a diferentes estilos musicais: folk, rock, jazz... No que se refire a un instrumento presentamos a zanfona, relacionado co alalá, que nenos e nenas tiveron ocasión de escoitar na versión de Santalices.

En canto aos conceptos musicais esta unidade retoma algúns dos aprendidos en cursos anteriores. No alalá empregamos un acompañamento en ritmo métrico con vistas a coincidir na interpretación (toda vez que xa incidimos no concepto de ritmo libre nas explicacións e audicións). A melodía, no ámbito da oitava, abrangue a extensión vocal do alumnado; na súa interpretación con fruta supón practicar sobre o xa coñecido, se ben implica un movemento si – do' repetitivo que axuda a fixar este paso sen que soe a nota la polo medio. No que se refire á harmonía partimos, para comezar o curso, da xa máis que coñecida secuencia baseada nas funcións tonais básicas (tónica, subdominante e dominante), sobre *ostinati* sinxelos e estados fundamentais nos acordes. A forma de canción estrófica e a textura de monodia acompañada axudan a interiorizar a peza.

Pasando agora á foliada, trátase de traballar sobre a tonalidade de do maior na antedita extensión de oitava. No ritmo partimos dunha subdivisión ternaria, típica do xénero, estraña para o alumnado, se ben non é preciso que aprendan a peza lendo a partitura senón por imitación; o carácter ternario e a presenza de hemiolias entre o terceiro e cuarto compás, característica dos derivados da xota, serán apreciados polo grupo. Interesa tamén a textura, presentada como unha monodia seguida de textura homofónica, con consonancias de terceiras de sonoridade popular. Importa moito igualar os rexistros na fruta, razón pola que escollemos unha peza que remite, de

xeito continuo, á nota do grave na segunda voz. Dada a dificultade da peza creamos mp3 de apoio a diferentes velocidades.

UDI2. «A castaña no ourizo»

Esta UDI aborda contidos propios do outono e o magosto, dende un punto de vista moi global que facilite a interpretación na festa que se faga no centro en dita ocasión. Por elo, incorporamos aos materiais do curso información dabondo sobre esta celebración, así como unha canción para nenos e outra propia do folclore, recollida por Dorothe Schubarth, protagonista da unidade.

Continuamos incidindo no contraste entre a subdivisión binaria (presente na peza *O outono*) e a ternaria; nesta ocasión damos un paso máis ao combinar canto en subdivisión binaria e acompañamento en ternaria (na canción *A castaña*), como é habitual nas muiñeiras vellas.

A atención á melodía, xunto á harmonía, é un dos fundamentos desta unidade. Ampliamos a extensión vocal ata o re' (*A castaña*) e por debaixo ata o sol grave (*O outono*). Esta nota queda un pouco por baixo da tesitura vocal dalgúns membros do grupo, polo que propiciaremos unha boa práctica vocal e apoio nos resoadores con vistas a preparala.

No que respecta á harmonía, *O outono* presenta como recurso a modulación á subdominante, tomando a tónica como dominante da súa propia subdominante. Para que o alumnado sexa quen de apreciar o cambio empregamos como acorde pivote a sétima de dominante, facendo que o último acorde de tónica da primeira sección se converta en dominante con sétima da súa propia subdominante. Interesa que observen no proceso o papel do xilófono soprano e como resolve o tritón por movemento contrario (ao semitón máis próximo).

A forma desta peza é máis complexa do habitual, presentando unha estrutura ABC. A comprensión da forma vén apoiada pola orquestración, de maneira que en cada sección emprega unha sonoridade diferente. Axuda na apreciación a harmonía comentada, ao modular na segunda sección de sol maior a do maior; escollemos estas tonalidades por ser interpretables co instrumental escolar e factibles dentro do ámbito vocal dos nenos e nenas.

No que se refire á textura, a peza combina a monodia acompañada das dúas primeiras seccións coa máis polifónica da terceira, na que a propia fruta xoga, con outros instrumentos, un papel acompañante sobre o motivo do canto do cuco, presente nos carillóns da primeira sección. Deste xeito establecemos relación temática entre as diferentes seccións, axudando a comprender o concepto de estrutura musical. A cuadratura, principio compositivo para todas as pezas do curso, é facilmente apreciable.

Finalmente, empregamos a canción *A castaña* para traballar a improvisación individual e grupal. Aínda que a proposta parte do emprego da pentafonía, é posible facelo dun en un de xeito

diatónico, desenvolvendo o oído do alumnado en maior medida que co ámbito pentatónico que é, sen embargo, máis doado e posible de executar todos xuntos.

UDI3. «Contos na lareira»

Nesta UDI continuaremos coas festas do magosto, dado que se prolongan, segundo a zona, ao longo do outono. A idea é enlazar co ciclo de Santos e levar adiante un proxecto de recollida de músicas de temática narrativa, con atención aos romances e as súas diferentes tipoloxías. Nel poderán participar outras áreas achegando contos e lendas, ou ben realizando lecturas guiadas.

Para realizar a investigación proporcionamos ao profesorado unha serie de fichas coas explicacións pertinentes que faciliten ao alumnado encher os campos. A idea é que o arquivo da aula, ou do centro, vaia sendo maior conforme pasen os cursos e diferentes promocións realicen esta actividade.

Abordaremos os contidos desta UDI empregando tres tipos diferentes de romances: vello, novo e infantil. Á súa vez, os tres estarán representados por persoeiros como Faustino Santalices, Florencio «O cego dos Vilares» e Dorothe Schubarth, respectivamente.

No que respecta ao vello, partiremos do *Camiña Don Sancho*, sobre o que faremos interpretación vocal e tocaremos o tema co instrumental escolar. Variando de alteracións nas placas, o alumnado se aproximará ás sonoridades modais de ambiente menor existentes no noso folclore (dórico, frixio, eólico). O desenvolvemento harmónico será, pois, determinante.

Sobre esta peza retomaremos a actividade das audicións comparadas, aínda que disfrutando de moitas máis versións (cantautor, coral, coro folclórico, balada galega, folk, banda...), con vistas a que o alumnado amplíe e diversifique os seus gustos musicais no posible.

O romance novo a interpretar será *Alá cando eu era mozo*; neste caso, o arranxo parte da recollida da peza realizada por Dorothe Schubarth, se ben é máis coñecida a versión de Florencio. O arranxo ten un fundamento rítmico, baseado nunha secuencia complexa en compás de doce corcheas, distribuídas como 3+3+2+2+2, co que pretendemos achegar ao alumnado aos ritmos máis ricos presentes no noso folclore. A interpretación poderá ser cantada, xa que coa frauta emprega un si bemol que, aínda que forma parte do noso curso, non é habitual no currículo nin nas programacións; en todo caso pode considerarse como actividade de ampliación interpretalo.

Empregaremos o romance infantil *A pulga i a palla*, recollido por Schubarth, para cantar cunha base pregravada. É factible interpretar a primeira parte cos instrumentos de láminas, con vistas a substituír o fa sostido escrito por un fa natural (pasando de maior ou xónico a mixolidio, incidindo na música modal en ambientes maiores; non empregamos o lidio por non ser habitual no noso folclore).

Finalmente, e en relación a Florencio e as súas interpretacións visualizadas en vídeo, o alumnado coñecerá o emprego do violín como instrumento tradicional.

UDI4. «Os reises cantamos»

Esta UDI se encadra no ciclo anual de Nadal, do que hai información escrita e vídeos nos materias do curso. Porén, non serán tratados para tocar ou cantar, con vistas a evitar contidos relixiosos na programación. O proxecto baséase na celebración dun festival fin de trimestre onde interpretarán unha das pezas traballadas nel.

UDI5. «Así fan os bailadores»

Esta UDI está relacionada co Día Escolar pola non Violencia e a Paz, no que realizaremos un festival de danzas do mundo. Traballaremos agrupamentos interniveis, de xeito que o noso alumnado aprenderá unha danza infantil aos máis cativos do centro. Ademais, traballaremos unha danza irlandesa e, a través dela, nos achegaremos á gaita como o noso instrumento máis representativo.

UDI6. «Ravachol, se collo a vara»

Esta UDI non plantexa dificultade algunha. Trata sobre os instrumentos galegos en xeral dentro dunha actividade de Entroido, de xeito que montarán comparsas para as que fabricarán instrumentos musicais con materiais de refugallo (deste xeito, traballaremos o desenvolvemento sostible e o medio ambiente). Por iso será fundamental a presenza nela de investigadores dos instrumentos populares galegos, se ben faremos un apartado específico para falar do tamboril.

Debido á temática festiva da unidade a foliada volverá ser protagonista, outorgándolle relación a través do dono do loro Ravachol (meco do Antroido de Pontevedra), Perfecto Feijóo, fundador de *Aires d'a Terra*, primeiro Coro Galego da historia. Inseparablemente unidos a el participarán da unidade todos os membros da Sociedade de Folk-lore Galego. Co festival de Antroido rematará a unidade.

UDI7. «Ai, Maruxiña»

Esta UDI corresponde ao Ciclo de primavera, relacionado cos cantos de labor desa época do ano. Aproveitando o calendario escolar é posible tomar como centros de interese o Día da Muller, a Semana da Prensa ou o Día del Libro, para o que a unidade planea o traballo sobre as pandereteiras, a procura en hemerotecas de novas relacionadas co folclore ou a procura en cancioneros, respectivamente. Por elo, non é de estrañar que os persoeiros aparecidos nesta ocasión sexan o grupo Leilía, a base de datos (hemeroteca virtual) Galiciana e o Proxecto Meiga das Bibliotecas de Galicia, xunto a varios cancioneros virtuais.

A nosa recomendación ao respecto é integrar a UDI con outras áreas en relación ao Día da Muller, partindo dos grupos de pandereteiras, razón pola cal o instrumento presente nos

contidos é a pandeireta. Traballaremos, así, os elementos transversais relativos á igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, evitando comportamentos e contidos sexistas así como estereotipos que supoñan discriminación algunha.

Porén, todas as outras opcións de emprego de centros de interese son igualmente válidas e, mesmo, intercambiáveis en cursos sucesivos. Non se trata de facer todas as actividades, senón de escoller, segundo o centro de interese, algunhas delas. Aínda así, temos previsto desenvolverlas dun xeito global na temporalización, independentemente de que o profesorado escolla segundo os seus intereses e a formación do grupo. Os elementos transversais presentes nestes casos son a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e, como é habitual en todas as unidades, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

Musicalmente, a UDI presenta certa complexidade retomando, tras o proxecto de bailes populares e as festas de Entroido, o traballo propio do primeiro trimestre. *A voz das Evas* é unha pandeirada en dez por oito e cunha distribución 3+3+2+2, que enlaza co debido á *Alá cando eu era mozo* da UDI3; o tratamento rítmico, asumindo o esquema a través da percusión corporal, pequena percusión, movemento... será prioritario. O canto, inseparablemente unido aos valores da letra, será vehículo da interiorización musical dun elemento rítmico propiamente galego que, progresivamente, vai converténdose en pulsación constante por mor da influencia dos medios de comunicación e as músicas populares urbanas. Emprega o modo maior e as funcións tonais básicas, sobre textura de melodía acompañada.

Seguiremos traballando o ritmo no arranxo que realizamos sobre a obra *O muiño*, na que se combinan subdivisións ternarias con binarias. A dificultade nas frautas, debido á velocidade, fai preciso un traballo pormenorizado, razón pola cal engadimos MP3 a varias velocidades; incidimos nas posicións naturais e na escala de do maior, insistindo de novo na posición de do grave na segunda frauta. Dende o punto de vista do xénero, o arranxo desta peza de *Muxicas* pretende achegar ao alumnado á sonoridade da muiñeira nova, tan diferente da anterior vella ou pandeirada. A harmonía é sinxela, en modo maior e baseada nas funcións tonais básicas, cunha textura de melodía acompañada sobre o acorde de tónica, redundando na idea das notas pedais, habituais na música tradicional galega.

Finalmente, abordaremos as xotas a través da peza *A miña burriña* que, a diferenza das anteriores, se centra no elemento harmónico, e non só pola sonoridade menos que permite a diferenciación da música modal de ambientes menores (de, por exemplo, *Camiña don Sancho* presente na UDI3) dá música tonal en modo menor. A súa forma, ABC, é máis complexa do habitual, diferenciando cada sección pola instrumentación e textura. Interesa incidir nos enlaces cromáticos da primeira parte, para o que se fai preciso o emprego dun instrumento cromático. A división do traballo é necesaria, dada a complexidade das frautas, se ben poden ser suplidas polo

canto, acadando de novo a nota re' (co que supón de afianzamento da extensión dende *O outono* da UDI2). A partir desta peza retomaremos á actividade das audicións comparadas.

UDI8. «Aí vén o Maio»

Encadrada no mes de maio, esta UDI aborda tanto a festividade dos Maíos como o Día das Letras Galegas. No referente ao primeiro, desenvolve un canto de maio con letras inventadas polo alumnado, consolidando a entoación do re' xa tratado; do segundo, destacamos a Xoán Montes e Alfonso X «o sabio», dos que se ofrece información detallada.

No que se refire ás Letras Galegas a UDI presenta dúas actividades que, como de costume, poden celebrarse en diferentes grupos ou ben no mesmo. A primeira consiste no canto con acompañamento do piano (por parte da docencia ou ben empregando o MP3 pregravado do curso) da peza *Lonxe da terriña*. Aínda que está escrita tamén para interpretar coa frauta, a súa dificultade afástaa dos e das discentes, quedando reservada (se fora o caso) ao profesorado. Pretendemos achegar ao alumnado á riqueza do xénero da Balada Galega, se ben é probable que a súa interpretación non sexa excesivamente boa, dada a complexidade da peza; en todo caso, é factible cantala sobre unha das gravacións engadidas no curso e presentes en Spotify.

A segunda obra é unha cantiga de Santa María, onde poden apreciar unha estrutura máis complexa das traballadas ata agora, Abb'aA (explicado nos materiais do curso). A diferenciación da forma parte do emprego de diferente instrumentación para cada vez, evitando a habitual confusión entre A (retrouso) e a (estrofa, pero coa música do retrouso), máis b e b' por mor da entrada dun segundo metalófono. No retrouso (A) resulta destacable o emprego dos carillóns facendo unha voz, non acompañamento, o que lle outorga certo carácter polifónico; nesta mesma parte e instrumentos subliñamos a dobre apoiatura do acompañamento (herdada da versión do grupo Doa no seu disco *Polaridade*), que pretende unha visión máis ampla da harmonía, relacionada con proxecto desenvolvido para o 6º curso.

UDI9. «Aí vai a derradeira»

Esta UDI desenvólvese en relación ao Ciclo de San Xoán, do que hai numerosa información nos materiais, e os cantos de labor do verán, pechando a secuencia anual. Trataremos o valse como xénero e interpretaremos coas frautas, en homofonía por terceiras, o tradicional *Apaga o candil* coas frautas e/ou o canto. De novo, e para finalizar o curso cunha total consolidación dela, incidiremos na nota do grave na frauta, igualando o rexistro da escala de do'. Como no resto de casos, convén que o alumnado aprenda as dúas voces para practicar as posicións e entender a harmonía incipiente creada co movemento por terceiras.